# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)
R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal


**ACTA 2 RESULTADO APROBACIÓN DEFINITIVA SELECCIÓN PEÓN FORESTAL**

**Proceso selectivo para a contratación de Tres Peóns Forestais de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello**

**Expediente Tedec**: 2026/E001/000018;2026/A008/000014

Data: 15.07.2026
Hora comezo:09.10
Hora finalización: 09:30

**ASISTENTES:**

**Presidenta:** Andrea Muíño Quintáns**,** normalizadora lingüística do Concello de Val do Dubra.

**Vogais:**

- Ana Lucía Calviño Canedo, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Val do Dubra.
- Mª Inés Iglesias Dominguez, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra.
- Jesús Carlos Nieto Vilas, auxiliar administrativo do Concello de Val do Dubra.

**Secretaria:** María de los Ángeles Vaquero Boquete, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra.

Constituído validamente o Tribunal, procédese ao desenvolvemento das actuacións previstas nas bases da convocatoria.

**ANTECEDENTES:**

Unha vez rematadas todas as fases do proceso de selección e revisados os resultados das probas realizadas, así como rematado o prazo de alegacións o Tribunal fai constar o seguinte:

**PRIMEIRO**. Que para a correcta constitución da brigada é necesaria a contratación dos seguintes postos:

- 1 Xefe/a de Brigada.
- 1 Peón/Peoa Condutor/a.
- 3 Peóns/Peoas.

**SEGUNDO.** O único aspirante que superou as probas selectivas para o posto de Peón/Peoa forestal foi David Tato Dominguez o cal obtivo as seguintes puntuacións:

| Aspirante | Proba teórica | Proba física | Fase de concurso | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|
| David Tato Dominguez_ | 5 puntos | APTO | - | 5 puntos |

O citado aspirante superou as probas realizadas ata ese momento. Non obstante, non foi convocado ao recoñecemento médico, de carácter obrigatorio e eliminatorio, ao resultar imposible a constitución da brigada por non existir aspirantes aptos para os postos de Xefe/a de Brigada, Peón/Peoa Condutor/a e Peóns Forestais.

**TERCEIRO.** En consecuencia, o Tribunal acorda propoñer que o proceso selectivo se declare deserto, ao non ser posible constituír a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais nas condicións esixidas polas bases da convocatoria e pola normativa aplicable xa que non se dispón do número mínimo de efectivos necesarios para a constitución da brigada nas condicións previstas na convocatoria e na correspondente subvención;

O Tribunal fai constar esta circunstancia para os efectos oportunos e eleva o expediente ao órgano competente

CVD: J2/oWffoU3deIa1Mp+xE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.valdodubra.gal/

para que adopte a resolución que proceda respeto da cobertura de prazas.

**CUARTO.** Consideración respecto do único aspirante que superou o proceso.

O Tribunal fai constar que David Tato Dominguez, aspirante ao posto de Peón Forestal, superou as probas teórica, física e a fase de concurso, obtendo unha puntuación total de 5 puntos.

Ao resultar imposible a constitución da brigada por non existir aspirantes aptos para cubrir os postos de Xefe/a de Brigada, Peón/Peoa Condutor/a e Peóns non foi convocado ao recoñecemento médico, proba de carácter obrigatorio e eliminatorio prevista nas bases.

Así mesmo, o Tribunal acorda propoñer que, no caso de que o Concello convoque un novo proceso selectivo coa finalidade de completar a brigada correspondente a esta convocatoria, o citado aspirante sexa considerado apto nas fases xa superadas, quedando unicamente pendente da realización e superación do recoñecemento médico, sempre que esta medida resulte conforme co disposto nas bases da convocatoria e na normativa de aplicación.

E para que así conste, eséndese a presente acta, que é asinada polos membros do Tribunal Cualificador no lugar e data indicados.

O/A Presidente/a do Tribunal
Asdo.: _______________________

O/A Secretario/a
Asdo.: _______________________

CVD: J2/oWffoU3de1a1Mp+xE Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.valdodubra.gal/